



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xestión da Información e Metodoloxía para a Elaboración de Resultados

Materia	Xestión da Información e Metodoloxía para a Elaboración de Resultados			
Código	P04M125V01207			
Titulación	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Varela Álvarez, Enrique José			
Profesorado	Álvarez Ballesteros, Marta Castro Rey, Héctor Carlos Varela Álvarez, Enrique José			
Correo-e	evalvarez@uvigo.es			
Web	http://www.faitic.es			
Descrición xeral	A través desta materia faremos un percorrido polas fontes e recursos de información necesarios para abordar e defender un traballo de investigación, coñeceremos os pasos para realizar unha procura bibliográfica exitosa, así como un conxunto de aplicacións que vos axudarán a xestionar a información recuperada e mantervos ao día nos vosos temas de interese.			

Nun ambiente universitario como o noso, a maior aprendizaxe provén da experimentación e das boas prácticas que sexamos capaces de compartir con outros colegas, o cal neste tipo de cursos toma unha importancia decisiva.

Neste sentido, e dado que a materia pretende ser eminentemente práctica, pedímosvos a vosa participación activa. Esa participación concrétese na lectura das unidades que conforman a materia, na vosa intervención nos foros e no chat expondo as vosas dúbidas e consultas e na realización das actividades prácticas que se expoñen.

O obxectivo final é que os contidos desta materia séxanvos de utilidade tanto para a elaboración do traballo Fin de Máster como para o desenvolvemento da vosa carreira profesional. Desde agora, grazas pola vosa colaboración.

Esperamos e desexamos que esta experiencia sexa en grao sumo satisfactoria para todos.

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CG4	Habilidade para recuperar e analizar información de diversas fontes.
CE2	Entender os fundamentos da xestión de información e documentación para o desenvolvemento, elaboración e defensa dunha investigación no eido das ciencias sociais tanto en castelán coma en inglés.
CT1	Capacidade de argumentar e defender ideas en base a criterios científicos.

CT2 Capacidade de crítica e auto-crítica.

CT4 Capacidade para comunicarse con expertos do mesmo eido e doutros eidos afíns así como con públicos non especializados.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Saber emitir xuízos e reflexións de forma crítica a partir da información recompilada ante todo tipo de audiencia.	CB3 CT1 CT2 CT4
Saber xestionar información e recompilala nun documento científico.	CB2 CG4 CE2 CT1 CT4

Contidos

Tema	
Tema 1. Fontes e recursos de información en Ciencias Sociais	1.1. Clasificación das fontes de información 1.2. As bases de datos documentais 1.3. Outros recursos en Internet para investigadores en Ciencias Sociais 1.4. Fontes e recursos de información por tipo de documento
Tema 2. A procura bibliográfica e a xestión da información	2.1. Definición de procura bibliográfica 2.2. Etapas do proceso de procura 2.3. A elección dos termos de procura 2.4. O deseño da estratexia de procura 2.5. Xestión de referencias
Tema 3. Estrutura básica dos traballos de investigación e presentación de resultados	3.1. Estrutura básica: planificación, resumo, contido e formato 3.2. A comunicación oral 3.3. A comunicación escrita 3.4. Guías, esquemas e persoais 3.5. Erros frecuentes

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	0	43	43
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	32	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	A través de Faitic: Lectura de textos, actividades de autoevaluación, visualización píldoras y tutorías online
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través do TIC de maneira autónoma.	100	CB2 CB3	CG4	CE2	CT1 CT2 CT4

Outros comentarios sobre a Avaliación

- A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia en Faitic, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.
- O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria de xuño-xullo a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colocado na plataforma.
- Para a superación desta materia é necesario a lectura e asimilación dos textos vinculados a cada tema localizados na plataforma Faitic.
- Ademais dos textos, o/a estudante terá acceso (directo/cita) a unha bibliografía complementaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Carrizo Sainero, G., **La información en ciencias sociales**, Trea, 2000

Cordón García, J. A., **Las nuevas fuentes de información: Información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0.**, Pirámide, 2010

Cordón García, J. A., López Lucas, J., y Vaquero Pulido, J. R., **Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica**, Pirámide, 1999

Cruz Mundet, J. R., y Mikelarena Peña, F., **Información y documentación administrativa (2ª ed.)**, Tecnos, 2006

Maldonado Martínez, A., y Rodríguez Yunta, L., **La información especializada en Internet directorio de recursos de interés académico y profesional (2ª ed. corr. y aum.)**, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2006

Torres Ramírez, Isabel de (coord.), **Las fuentes de información: Estudios teórico-prácticos**, Editorial Síntesis, 1999

Recomendacións

Outros comentarios

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispor dunha FOTOGRAFÍA actualizada do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPd no que o tratamento é necesario para o exercicio do poder públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Plan de Continxencias

Descrición

Esta materia impártese baixo modalidade online. Polo tanto, non é necesario a adaptación das metodoloxías nin das probas de avaliación ante unha posible alerta sanitaria provocada pola COVID- 19.

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional
